



# CEIP A ESCARDIA

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1 **Introdución**

- 1.1 Datos básicos do centro
- 1.2 Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3 Breve xustificación do mesmo
- 1.4 Proceso de elaboración

## 2 **Situación de partida**

- 2.1 Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2 Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3 Análise DAFO

## 3 **Plan de Acción**

- 3.1 Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4 **Avaliación do PD**

- 4.1 Seguimento do Plan de Acción
- 4.2 Propostas de mellora (revisión)

## 5 **Difusión do PD**

# 1 Introducción

## 1.1 Datos básicos do centro

- **Denominación:** CEIP A Escardia.
- **Dirección:** avda. López Ballesteros s/n. Vilagarcía de Arousa (Pontevedra).
- **Correo:** ceip.escardia@edu.xunta.gal
- **Páxina web:** <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipescardia/>
- **Etapas educativas:** o centro conta coas etapas de educación infantil e educación primaria tendo na actualidade un total de 192 alumnos/as.
- **Cadro de persoal:** 3 titores/as en Educación Infantil e 1 mestre/a de apoio á etapa; 7 titores/as de Educación Primaria; 1 especialista de Música; 1 especialista en Educación Física; 1 especialista en Lingua estranxeira Inglés; 2 especialistas en Pedagogía Terapéutica; 1 especialista en Audición e Linguaxe; 1 orientadora (compartida coa EEI Vagalume); 1 especialista de Relixión Católica (compartida co CEIP A Lomba).

## 1.2 Contextualización do Plan Dixital no centro.

O centro educativo atópase no centro da vila, sendo esta unha situación privilexiada por contar, a escasos metros con servizos como a escola municipal de música, o auditorio, o concello, a biblioteca municipal, as estacións de tren e autobuses, a oficina de correos, etc. ou recursos naturais como son as praias de A Concha ou Compostela ou o parque de Miguel Hernández.

O nivel socioeconómico das familias é medio, dedicándose na súa maioría ao sector servizos. Nos últimos cursos está habendo unha importante incorporación á nosa escola de alumnado procedente do estranxeiro, o que pode supoñer unha boa oportunidade de aprendizaxe intercultural.

O presente PD pretende ser unha ferramenta máis para mellorar os procesos de ensino-aprendizaxe do noso alumnado, mellorando así a súa competencia, non só dixital, senón en todas as áreas do coñecemento. Inclúe, ademais a necesidade dunha formación continua por parte do profesorado que dea resposta ás necesidades dunha sociedade moderna. E tamén, como eixo fundamental, non podemos esquecer a integración das familias neste plan dixital, favorecendo a súa formación co obxectivo de compensar as desigualdades sociais e/ou culturais.

Na traxectoria do centro en relación ás novas tecnoloxías, destacamos un momento transcendente coa incorporación ao programa E-Dixgal, pois supuxo un antes e un despois no tratamento das novas tecnoloxías no centro, incorporando por primeira vez a necesidade dunha formación do alumnado en competencia dixital, case inexistente ata ese momento.

Máis tarde, promovido pola situación derivada da pandemia provocada pola Covid-19, os centros educativos tivemos que facer un esforzo e dar resposta a unha situación que a sociedade estaba demandando. De aíxurdiu a aula virtual do noso centro. Esta ferramenta

fixo necesario, nun espazo moi reducido de tempo, que o profesorado adquirise as ferramentas básicas para comezar a manexarse neste entorno. Así, neste primeiro momento, a formación realizouse cooperativamente entre o profesorado que xa tiña adquiridos os coñecementos. Progresivamente, esta formación foise ampliando cara o deseño e elaboración de materiais propios, mellora nos protocolos de protección de datos, etc. O acompañamento ás familias tamén supuxo todo un reto, que se levou a cabo tamén coa colaboración co centro de formación do profesorado.

A páxina web do centro serve como canle de información a toda a comunidade educativa. Ademais da páxina web, o centro utiliza a aplicación corporativa Abalar Móbil para comunicarse coas familias e profesorado.

No últimos cursos estanse incorporando recursos dixitais como tabletas, *chroma*, material de fotografía (cámara reflex; trípode, *gimbal*, etc.), robots (adaptados a educación infantil e primaria), xogos electrónicos, etc.

### 1.3 Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O Plan Dixital será integrado no Proxecto Educativo de Centro como novo ferramenta de planificación para adquirir a Competencia Dixital e o tratamento da Información. Definitivamente chegou o momento de que as TIC sexan empregadas pola totalidade do Centro como ferramenta fundamental dentro do proceso de ensino-aprendizaxe ao servizo de todos os proxectos e plans do Centro, como pode ser o PDI anal que parte da Biblioteca, o Proxecto E-Dixgal (5º e 6º) e todos aqueles proxectos que podamos solicitar, como é o caso de "Polos Creativos", rede da que nos gustaría nun futuro próximo formar parte.

Contribución do Plan Dixital á Programación Xeral do curso 22/23

Como non pode ser doutro xeito, o Plan Dixital deberá contribuír á PXA xa que levará a cabo un Plan de acción, ben definido, a través dos distintos proxectos, programas e tarefas que se programarán e deseñadas en colaboración cos diferentes Equipos.

### 1.4 Breve xustificación do mesmo

**A xustificación deste Plan dixital está avalado polas leis que brevemente detallaremos a continuación:**

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, regula en toda a súa extensión o sistema educativo, tendo como un dos principios fundamentais a equidade que garanta unha igualdade efectiva de oportunidades para todo o alumnado, que proporcione unha educación inclusiva tratando de conseguir que acaden o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades, individuais e sociais, intelectuais, culturais e emocionais, para o que necesitan recibir unha

educación de calidade adaptada ás súas necesidades.

Por outra banda nesta Lei regulasen diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa:

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

Esta Lei recoñece entre os obxectivos xerais:

i) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.

- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.*

Os centros educativos cumprirán as medidas que se establezan no Protocolo de adaptación ó contexto COVID-19 nos centros de ensino non universitaria de Galicia que estea vixente no curso 2021/22 co obxectivo de protexer e previr o máximo risco posible de contaxio pola COVID-19.

Tendo en conta que se poida producir a necesidade de alternar determinados períodos de docencia presencial con outros de docencia non presencial durante o próximo curso 2021/22, faise imprescindible establecer adaptacións no marco da organización do currículo, da metodoloxía didáctica e da autonomía organizativa e pedagóxica dos centros docentes.

Nesta resolución establécese como aspecto fundamental:

c) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado, necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, no seu caso, non presencial.

Entre as medidas máis importantes dispónse:

A programación de tarefas globalizadas que requiran a posta en práctica de varias competencias do alumnado, o aprendizaxe cooperativo, o uso das TIC como recurso didáctico e actividades que favorezan a auto-aprendizaxe.

- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.*

En liña coas orientacións establecidas no Plan de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea e no marco do Plan de Acción de Educación Dixital (2021-2027), a Consellería de Cultura, Educación e Universidade (en diante, a consellería) persegue a transformación dixital dos centros educativos de Galicia como organizacións a fin de que sexan dixitalmente competentes nos procesos de ensino-aprendizaxe, de xestión e de relación o que require de un proceso de mellora das competencias dos membros da comunidade educativa que se deberá recoller nun Plan Dixital do Centro como organización.

Esta resolución ten por obxecto establecer as medidas de actuación relativas ao deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital para o curso 2021-2022, nos centros docentes sostidos con fondos públicos correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración do Plan Dixital teranse en conta os principios, obxectivos e referentes que a mesma Lei indica.

## 1.5 Proceso de elaboración.

O equipo de Dinamización do Plan Dixital a carón do PFPP estableceu un calendario de traballo en función das tarefas a realizar ao longo do curso para acadar con éxito o mesmo, sempre asesorado e en boa sintonía coa nosa ADIX. Cada tarefa a realizar foi supervisada pola nosa ADIX e posta en común con todo o Equipo Docente.

Os momentos máis salientables do proceso foron:

1. Explicación a totalidade do Equipo docente da importancia da realización do SELFIE.
2. Realización do mesmo reunidos por equipos para resolver dúbidas.
3. Proposta en reunión informativa ante o Claustro para a realización do CDD de xeito individual.
4. Explicación e realización en horario escolar do SELFIE en 5º e 6º por parte do alumnado do centro.
5. *Análise dos resultados do SELFIE e do CDD do centro e comparativa cos resultados da Comunidade Autónoma.*
6. *Realización do estudo DAFO, atendendo aos resultados do SELFIE e do CDD do noso centro, polo Equipo de Dinamización do Plan Dixital. Para este punto recibimos formación do Equipo ADIX da zona.*
7. *Presentación do estudo DAFO o Equipo Docente para visualizar o traballo entre todos e todas, valorando o estudio e incorporar aportacións.*
8. *Realización dos plans de acción, atendendo os distintos aspectos estudados para redactar*

obxectivos que abranguen a maior parte dos sectores implicados no centro. Para este punto recibido formación especial por parte dos Equipo ADIX da zona.

9. Posta en común co Equipo Docente de ditos plans.
10. Durante todo o proceso reunións coa nosa ADIX.
11. Realización do Documento definitivo do Plan dixital pola coordinado e Equipo de Dinamización do Plan.
12. Para finalizar todo o proceso este PLAN DIXITAL presentouse ao Claustro e Consello Escolar para a súa aprobación.

## 2 Situación de partida

### 2.1 Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

#### INFRAESTRUCTURA DIXITAL DO CENTRO:

**Infraestructura de voz:** o centro conta con dúas liñas telefónicas, unha asociada ao teléfono fixo e outra asociada a 2 teléfonos inalámbricos.

**Infraestructura de datos:** Na actualidade o centro conta cunha conexión cableada cunha conectividade de fibra FTTH\_500M\_500: e un respaldo 4G\_80M\_20M. En canto á conectividades en fíos, o centro conta cunha cobertura axeitada para o desempeño das tarefas propias do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

#### ● EQUIPAMENTO DISPOÑIBLE REPARTIDO POR ESPAZOS

AULA	EQUIPAMENTO	CANTIDADE	USO	DOTACIÓN
4º EI	Ordenador portátil	1	Profesorado	Centro
	PDI	1	Alumnado	Consellería
	Proxector	1	Profesorado	Consellería
	Altosfalantes	1	Profesorado	Centro

AULA	EQUIPAMENTO	CANTIDADE	USO	DOTACIÓN
5º EI	Ordenador portátil	1	Profesorado	Consellería
	Ordenador de mesa	1	Alumnado	Consellería
	PDI	1	Alumnado	Centro
	Proxector	1	Profesorado	Consellería
	Altosfalantes	1	Profesorado	Centro

AULA	EQUIPAMENTO	CANTIDADE	USO	DOTACIÓN
6º EI	Ordenador portátil	1	Profesorado	Centro
	PDI	1	Alumnado	Centro
	Proxector	1	Profesorado	Consellería
	Altosfalantes	1	Profesorado	Consellería

AULA	EQUIPAMENTO	CANTIDADE	USO	DOTACIÓN
1º EP	Ordenador portátil	1	Profesorado	Consellería

	Ordenador portátil	2	Alumnado	Consellería
	Ordenador de mesa	1	Alumnado	Consellería
	PDI	1	Alumnado	Consellería
	Proxector	1	Profesorado	Consellería

AULA	EQUIPAMENTO	CANTIDADE	USO	DOTACIÓN
2º EP	Ordenador portátil	1	Profesorado	Consellería
	Ordenador portátil	1	Alumnado	Consellería
	Proxector	1	Profesorado	Consellería
	Altosfalantes	1	Profesorado	Consellería

AULA	EQUIPAMENTO	CANTIDADE	USO	DOTACIÓN
3º EP	Ordenador portátil	1	Profesorado	Consellería
	Ordenador portátil	2	Alumnado	Consellería
	Ordenador de mesa	2	Alumnado	Consellería
	PDI	1	Alumnado	Consellería
	Proxector	1	Profesorado	Consellería
	Altosfalantes	1	Profesorado	Consellería

AULA	EQUIPAMENTO	CANTIDADE	USO	DOTACIÓN
4º EP	Ordenador portátil	1	Profesorado	Consellería
	Ordenador de mesa	2	Alumnado	Consellería
	Ordenador portátil	2	Alumnado	Consellería
	PDI	1	Alumnado	Consellería
	Proxector	1	Profesorado	Consellería
	Altosfalantes	1	Profesorado	Consellería

AULA	EQUIPAMENTO	CANTIDADE	USO	DOTACIÓN
5º EP	Ordenador portátil	1	Profesorado	Consellería
	Proxector	1	Profesorado	Consellería
	PDI	1	Alumnado	Consellería
	Ordenador E-Dixgal	21	Alumnado	Consellería
	Armario de carga	1	Alumnado	Consellería

AULA	EQUIPAMENTO	CANTIDADE	USO	DOTACIÓN
6ºA	Ordenador portátil	1	Profesorado	Consellería
	Proxector	1	Profesorado	Consellería
	PDI	1	Alumnado	Consellería
	Ordenador E-Dixgal	18	Alumnado	Consellería
	Armario de carga	1	Alumnado	Consellería

AULA	EQUIPAMENTO	CANTIDADE	USO	DOTACIÓN
6ºB	Ordenador portátil	1	Profesorado	Consellería
	Proxector	1	Profesorado	Consellería
	PDI	1	Alumnado	Consellería
	Ordenador E- Dixgal	18	Alumnado	Consellería
	Armario de carga	1	Alumnado	Consellería

AULA	EQUIPAMENTO	CANTIDADE	USO	DOTACIÓN
------	-------------	-----------	-----	----------



A. MÚSICA	Ordenador portátil	1	Profesorado	Consellería
	Proxector	1	Profesorado	Consellería
	Altofalantes	1	Profesorado	Consellería

AULA	EQUIPAMENTO	CANTIDADE	USO	DOTACIÓN
BIBLIOTECA	Ordenador de mesa	2	Alumnado	Consellería
	Ordenador portátil	1	Profesorado	Consellería
	Proxector	1	Profesorado	Consellería
	Altofalantes	1	Profesorado	Consellería
	Impresora	1	Profesorado	Consellería
	Tablet	1	Profesorado	Centro

AULA	EQUIPAMENTO	CANTIDADE	USO	DOTACIÓN
AULA STEAM	Ordenador de mesa	10	Alumnado	Consellería
	Ordenador portátil	3	Alumnado	Consellería
	Altofalantes	10	Alumnado	Consellería
	Impresora	1	Profesorado	Consellería
	Cámara de fotos	1	Alumnado	Centro
	Cámara de vídeo	1	Alumnado	Centro
	Escáner	1	Profesorado	Centro
	Cámara HUE	2	Profesorado	Centro
	Ginball	1	Profesorado	Centro
	Robótica iniciación	2	Alumnado	Centro
	Robótica avanzada	3	Alumnado	Centro

AULA	EQUIPAMENTO	CANTIDADE	USO	DOTACIÓN
AULA DE PT	Ordenador portátil	1	Profesorado	Consellería

AULA	EQUIPAMENTO	CANTIDADE	USO	DOTACIÓN
AULA MULTISENSORIAL	Ordenador portátil	1	Profesorado	Consellería
	Proxector	1	Profesorado	Consellería
	Impresora	1	Profesorado	Consellería

AULA	EQUIPAMENTO	CANTIDADE	USO	DOTACIÓN
AULA AL	Ordenador portátil	1	Profesorado	Consellería
	Tablet	1	Profesorado	Consellería

AULA	EQUIPAMENTO	CANTIDADE	USO	DOTACIÓN
D.O.	Ordenador de mesa	1	Profesorado	Consellería

AULA	EQUIPAMENTO	CANTIDADE	USO	DOTACIÓN
DIRECCIÓN	Ordenador de mesa	3	Profesorado	Consellería
	Impresora Multifunción	1	Profesorado	Centro

AULA	EQUIPAMENTO	CANTIDADE	USO	DOTACIÓN
SALA DE	Ordenador de mesa	1	Profesorado	Consellería

MESTRES	Proxector	1	Profesorado	Consellería
---------	-----------	---	-------------	-------------

AULA	EQUIPAMENTO	CANTIDADE	USO	DOTACIÓN
CONSERXERÍA	Impresora Multifunción	1	Profesorado	Centro

## SERVIZOS DIXITAIS EDUCATIVOS

- **Páxina web do centro:** Empregada para informar á comunidade educativa do funcionamento do centro (datos do centro, organigrama, documentos, horarios...).
- **Aula virtual:** Todo o alumnado e profesorado atópase dado de alta na AV do centro. Espazo destinado tanto para o traballo individual do alumnado como para a xestión organizativa do profesorado e consulta de vídeo titoriais relacionados coas TIC. As familias poden acceder á aula virtual para ver as imaxes das actividades realizadas no centro ao longo do curso e nas actividades complementarias.
- **Plataforma E-Dixgal:** empregada para o traballo co alumnado de 5º e 6º nas distintas materias.
- **Abalar Móbil:** Emprégase este aplicativo para a comunicación coas familias mediante o envío das mensaxes grupais e privadas por parte do profesorado, para a xustificación de faltas así como para o envío das cualificacións de maneira trimestral.
- **Correo corporativo:** Empregado polo equipo directivo e profesorado para facilitar información de maneira directa e comunicación entre diferentes corpos de xestión.

### XESTIÓN DE MANTEMENTO DO EQUIPAMENTO DO CENTRO.

Nestes momentos, o centro conta cos servizos dunha empresa informática externa para axudar co mantemento do equipamento do centro naqueles aspectos nos que o equipo TIC non conta coa suficiente formación para facelo ou ben que a Consellería non responde coa axilidade que se precisa.

## 2.2 Fontes empregadas para a análise DAFO

Segundo a auto-avaliación SELFIE incluímos un resumo das áreas do informe SELFIE da nosa etapa educativa (Infantil e Primaria) na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Infantil Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3,1				
	Profesorado	3,5				
	Alumnado	--				
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,9				
	Profesorado	2,7				
	Alumnado	4,4				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,6				
	Profesorado	3,6				

	Alumnado	4,4				
<b>D- Desenvolvemento profesional continuo</b>	Equipo Direct.	3,6				
	Profesorado	3,8				
	Alumnado	--				
<b>E- Pedagogía: Apoio e Recursos</b>	Equipo Direct.	3,4				
	Profesorado	3,9				
	Alumnado	--				
<b>F- Pedagogía: Implementación na aula</b>	Equipo Direct.	2,3				
	Profesorado	3,7				
	Alumnado	3,8				
<b>G- Prácticas de avaliación</b>	Equipo Direct.	1,9				
	Profesorado	2,8				
	Alumnado	--				
<b>H- Competencias dixitais do alumnado</b>	Equipo Direct.	2,9				
	Profesorado	3,2				
	Alumnado	4,5				

A continuación incluimos información relevante obtida no Test CDD.

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	10	13	76,9%
<b>PROVISIONAL</b>	3	3	100%
<b>INTERINO</b>	0	1	0%
<b>SUBSTITUTO</b>	2	3	66,7%
<b>DESPRAZADO</b>	4	5	80%

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
82,1	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>INF</b>	63,3	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)
<b>PRIM</b>	92,2	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>A1</b>	2	10,5%
<b>A2</b>	5	26,3%
<b>B1</b>	4	21,1%
<b>B2</b>	5	26,3%
<b>C1</b>	3	15,8%
<b>C2</b>	0	0%
<b>TOTAL</b>	19	100.00%

## 2.3 Análise DAFO

Cun estudo pormenorizado do SELFIE e do test de CDD, máis todos os datos, no eido dixital, dos que dispoñemos no centro e a realidade cotiá, oídas todas as partes implicadas (alumnado, familias, equipo docente) xerou unha análise DAFO:

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Programa E-Dixgal en 5º e 6º coas necesidades dixitais cubertas de xeito óptimo.	Equipos dixitais insuficientes en infantil e os catro primeiros cursos de primaria.
	PERSOAL DOCENTE	1. Persoal docente síntese integrado no desenvolvemento da estratexia dixital. 2. Competencia na busca en liña de recursos adaptados ao noso alumnado. 3. Utilización de tecnoloxías dixitais para comunicarse coa comunidade educativa.	1. Profesorado con competencias dixitais insuficientes. 2. Baixa colaboración en redes dixitais profesionais. 3. Falta de fomento de participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando as tecnoloxías dixitais 4. Baixo uso da tecnoloxía para avaliar ao alumnado e para a retroalimentación nos seguintes aspectos: autoavaliación e a avaliación entre iguais, destrezas dixitais, autoaprendizaxe, destrezas propias da materia, competencias, actitude
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	Alta motivación e participación do alumnado respecto ao traballo dixital.	1. Acceso limitado do alumnado a dispositivos dixitais na etapa de educación infantil e de 1º a 4º de educación primaria.
	FAMILIAS	1. Participación da ANPA no eido da alfabetización dixital das familia 2. Colaboración por parte das familias na vida do centro.	
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	1. Experiencia no uso de contornas virtuais. 2. Comunicación regular e ben organizada co exterior. 3. Emprego de servizos dixitais corporativos para a comunicación entre os membros da comunidade educativa. 4. Participación en PFPP 5. Promoción do emprego de software libre	

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	1. Participación no Proxecto E-Dixgal 2. Compromiso coa elaboración do Plan dixital	1. Falta de espazos e tempos para a reflexión grupal sobre o uso das tecnoloxías. 2. Escasos programas dixitais propostos pola consellería (espazos MAKER, iniciación a robótica...) 3. Falta de apoio técnico na resolución de problemas dixitais no centro 4. Aumento da burocracia para o equipo directivo e profesorado. 5. Falta de persoal administrativo.

LEXISLACIÓN		1. Continuo cambio legislativo
CONTORNA	1. Posibilidade de acceso á tecnoloxía fóra do centro. 2. Coñecemento de boas prácticas educativas dixitais de distintos centros.	1. Baixa competencia dixital das familias. 2. Nos domicilios do alumnado as tecnoloxías empréganse para ocio e non como apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe.
ANPA		
OUTRAS ENTIDADES	1. Colaboración por parte do CFR para o empréstimo de recurso e organización de actividades de formación.	

### 3 Plan de Acción

Despois de analizado o SELFIE e o test CDD do noso centro, establecemos un Plan de Acción tendo en conta os recursos materias e humanos dos que dispoñemos ata o momento no noso centro, e moi atentos as inquiredanzas do Equipo Docente, Alumnado e Familias. Os obxectivos recollidos no plan de acción atenderán a varios aspectos, que despois da posta en común, parecerónnos máis operativos (necesarios, claros, medibles...)

#### 3.1 Obxectivos, indicadores e accións

A secuencia de pasos seguida para elabora o Plan de Acción a partir da análise DAFO, que nos aportou datos relevantes para poder levar a cabo un Plan de Acción claro, foi a seguinte:

- Valoración polo Equipo do Plan Dixital de aquelas debilidades e ameazas que podan ser susceptibles de mellora a curto prazo e atendendo á realidade do centro, que podamos sinalar como obxectivos claros e que atendan a distintos aspectos.
- Posta en común co resto do Equipo Docente.
- Despois de elixidos os obxectivos procedemos a deseñar as actuación a desenvolver para cada un deles.
- Posta en común co resto do Equipo docente.
- Durante todo o proceso mantivemos comunicación coa nosa ADIX para resolver dúbidas.

#### 3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Dividiremos a nosas necesidades nos seguintes apartados:

- **Adaptación de espazos.** Mellora da aula informática para convertela nun espazo cooperativo, manipulativo e creativo dotándoa de mobiliario portátil e adaptable para diferentes proxectos e idades. Intentando facer un espazo adaptado as necesidades do proxecto que se estea a traballar.
- **Material tecnolóxico para infantil, 1º, 2º, 3º e 4º.** Carros de carga con dispositivos tecnolóxicos (tabletas, ultraportátiles) para traballo en grupo e individual. Con estes

dispositivos actualizados o alumnado terá acceso a Aula virtual do centro e a os distintos recursos que existen na rede e que os mestres/as previamente teñan seleccionados para traballar as competencias clave de xeito individualizado, é dicir, atendendo as distintas necesidades do alumnado. Pantallas interactivas por aulas para interactuar con contidos dixitais.

- **Material tecnolóxico para o profesorado.** Ordenadores actualizados para o seu traballo diario e favorecer as competencias dixitais e de tratamento da información tanto de profesorado como de alumnado.

**Táboa 1: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro**

“Área/s de mellora”: F (PEDAGOXÍA: IMPLEMENTACIÓN NA AULA)							
<b>1. OBXECTIVO (1):</b>	Fomentar a creación de produtos dixitais por parte do <b>alumnado</b> en proxectos interdisciplinarios de centro.					<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Xefatura de Estudos (como coordinador máximo da actividade docente)					<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	<b>O alumnado</b> nas aulas crea produtos dixitais en relación aos distintos proxectos interdisciplinarios propostos ao longo do curso.						
<b>Valor de partida (3)</b>	No 20% das aulas, o <b>alumnado</b> crea produtos dixitais.						
<b>Valor previsto e data (4)</b>	En todas as aulas o <b>alumnado</b> crea, alo menos, un produto dixital				Xuño de 2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO1.1: Creación dunha listaxe de posibles produtos que podería realizar o alumnado	Equipo TIC. Equipo docente	Inicio de curso (setembro) para estar incluída na PXA.	Subscrición a plataformas de creación de contidos (Genially; Paddlet; Educaplay; etc.) Cámaras, tablets, croma, impresora,...		<b>Realizada</b>		
					<b>Aprazada</b>		
					<b>Pendente</b>		
AO1.2: Planificación anual da realización dos produtos dixitais por parte de cada aula.	Xefatura de estudos. Equipos docentes.	Inicio de curso (setembro) para estar incluída na PXA.	Muro de traballo (Board; Trello...) Tempo de reunións.		<b>Realizada</b>		
					<b>Aprazada</b>		
					<b>Pendente</b>		
AO1.3: Continuar coa elaboración de titoriais de ferramentas dixitais	Equipo TIC	Xuño 2023.	Titoriais de elaboración propia e externos. Aula virtual.		<b>Realizada</b>		
					<b>Aprazada</b>		
					<b>Pendente</b>		

<p><b>A01.4: Creación e publicación dun produto dixital en cada unha das aulas</b></p>	<p>Equipo TIC Equipos docentes.</p>	<p>Xuño 2023.</p>	<p>Os recursos necesarios segundo o produto final. Web do centro, aula virtual, EVA E-Dixgal, redes sociais,... (sitios de publicación)</p>		<table border="1"> <tr> <td data-bbox="1937 197 2110 236">Realizada</td> </tr> <tr> <td data-bbox="1937 236 2110 274">Aprazada</td> </tr> <tr> <td data-bbox="1937 274 2110 312">Pendente</td> </tr> </table>	Realizada	Aprazada	Pendente	
Realizada									
Aprazada									
Pendente									



“Área/s de mellora”: A (LIDERADO)						
<b>2. OBXECTIVO (1):</b>	Potenciar a formación en materia de competencia dixital das familias				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo Equipo TIC				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Participación das familias en formación no ámbito dixital					
<b>Valor de partida (3)</b>	O 20% das familias participan en formación dixital					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	O 40% das familias participan en formación dixital				M	aio de 2023
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Diseñar un itinerario dixital formativo para as familias.	Equipo TIC. Equipo docente	Inicio de curso (setembro) para estar incluída na PXA.	Titoriais, enlaces a documentos, formación inicial (Espazo Abalar, AV, guías, etc.)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: dinamizar o espazo de formación dirixido ás familias na AV do centro.	Equipo TIC	Maio 2023	Titoriais para as familias.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: C (INFRAESTRUTURAS)						
<b>3. OBXECTIVO (1):</b>	Deseñar e crear a aula “Escardia 3.0”				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo Equipo TIC Equipo docente				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Funcionamento da aula					
<b>Valor de partida (3)</b>	Aula de informática tradicional					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Converter a actual aula de informática nun espazo STEAM			De setembro de 2022 a xuño de 2023		
<b>ACCIÓN A DESENVOLVER</b>						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Participar nalgún dos programas (Polos creativos; Biblioteca creativa; radio na biblio...) que oferta a Consellería para a dotación de recursos	Equipo directivo Equipo TIC.	Ao longo do curso dependendo das convocatorias	A realización dos diferentes proxectos.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
AO3.2: Deseñar a aula	Equipo TIC Equipo docente	Inicio de curso (outubro)	Programa para deseñar espazos		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
AO3.3: Implicar ao profesorado na formación e utilización dos novos recursos	Equipo directivo Equipo TIC	Ao longo do curso 2022-23.	Titoriais: sesións de formación; titoría entre iguais.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

## 4 Avaliación do plan

Para facer o seguimento do desenvolvemento deste plan e da consecución dos obxectivos empregaremos as táboas expostas anteriormente do Plan de Acción marcando en cada unha delas o estado no que se atopa, é dicir, realizada, aprazada ou pendente, segundo as datas sinaladas no mesmas.

Este seguimento levarase a cabo polo coordinador/a coa colaboración do equipo creado para tal fin e con posterioridade será comentado en reunión coa totalidade do Equipo Docente.

Para o seguimento deste Plan e a consecución dos obxectivos no mesmo farase de dúas maneiras:

Avaliación procesual: realizarase este tipo de avaliación unha vez o trimestre e nela quedará rexistrado o estado de cada acción. Valoraranse o datos obtidos e faranse propostas de mellora de ser necesario.

Avaliación final: Ao final do curso farase unha avaliación da totalidade do mesmo, para poder axustar o Plan o vindeiro curso académico e valorar as propostas de mellora. Será debatido novamente co Equipo Docente e no Consello Escolar.

## 5 Difusión do plan

O Plan Dixital será difundido entre toda a Comunidade Educativa a través de:

- A páxina Web do Centro e a través da aplicación Abalar Móbil.
- Documentos do Centro: PEC e PXA.